

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS “PÍA DA CASCA” DO CEIP AS MERCEDES, RELATIVO Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO COMEDOR E DO SALÓN DE ACTOS DA RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2016/2017.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Política Social, e no seu nome e representación a Sr. José Manuel Rey Varela, en virtude do seu cargo de conselleiro de Política Social, para o que foi nomeado polo Decreto 126/2015, de 4 de outubro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade có establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, a Sra. Susana Sousa Reboredo, presidenta da Asociación de Nais e Pais de Alumnos “Pía da Casca” do CEIP As Mercedes, actuando en nome e representación da mesma.

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, ao abeiro do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude e segundo

o disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre as súas competencias está a de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

Terceiro. Que a Asociación de Nais e Pais de Alumnos “Pía da Casca” do CEIP as Mercedes impulsa o servizo de comedor como unha colaboración da mesma co centro educativo e ante as necesidades dalgúns pais e nais.

Cuarto. A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 37.1 recolle que sempre que non resulten necesarios para o desenvolvemento das actividades propias, poderá autorizarse o uso temporal dos bens do patrimonio da Comunidade Autónoma a persoas físicas ou xurídicas para a realización, sen ánimo de lucro, de actividades que satisfagan fins públicos e non resultasen contraditorias coa afectación do ben.

As autorizacións para o uso temporal dos bens do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia entenderanse outorgadas en precario, é poderán revogalas libremente en calquera momento, sen que o interesado teña dereito a ningunha indemnización (artigo 37.3).

En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos “Pía da Casca” do CEIP As Mercedes para a utilización gratuíta por parte desta última das instalacións do comedor e do salón de actos da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, sita na cidade de Ourense.

Segunda. Obrigas. Uso do comedor da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas.

Os alumnos e alumnas que poderán gozar do servizo de comedor da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas serán seleccionados/as pola ANPA Pía da Casca segundo os seus propios criterios, cun límite máximo de 60 alumnos e alumnas por día. A ANPA deberá comunicar cunha antelación mínima dun día o número de alumnos/as que cada día van utilizar o servizo de comedor.

En todo momento, os alumnos e alumnas que gocen do servizo de comedor estarán tutelados/as por unha persoa responsable designada pola ANPA, quen velará polo cumprimento do acordado no presente convenio así como das normas de réxime interno que rexen para a residencia xuvenil.

O servizo de comedor coincidirá coa data de sinatura deste convenio e coa de remate do curso escolar 2016/2017.

O horario do comedor será desde as 14:30 horas ata as 15:30 horas, establecéndose unha marxe de cinco minutos tanto para a entrada como para a saída dos alumnos e alumnas.

Por mutuo acordo entre a dirección da Residencia e a ANPA poderase establecer o horario de comedor entre as 14:00 e 15:30 horas, dividindo aos alumnos en dúas quendas de aproximadamente 30 alumnos/as cada unha delas, sempre que non xurdan problemas de espazo no comedor. De producirse estes, a dirección da Residencia poderá acordar voltar ao horario inicialmente pactado de 14:30 a 15:30 horas, comunicándollo á ANPA cunha antelación suficiente.

Terceira. Contratación servizo de manutención

Corresponderá a ANPA Pía da Casca a organización do servizo de manutención dos/as alumnos/as, mediante a contratación dunha empresa de catering, a que lle servirá o xantar ao

alumnado e prestará o servizo de persoal e utensilios necesarios, debendo, ao finalizar o xantar de cada día, deixar todo en condicións de limpeza e orde.

A ANPA Pía da Casca deberá comunicarlle á dirección da Residencia con antelación suficiente o nome da empresa que prestará o servizo de catering, así como calquera modificación na relación contractual que se produza durante o curso académico.

Non se establecerá un vínculo laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal da empresa que se encargue da prestación do servizo de manutención e atención os/as alumnos/as durante o tempo da prestación na Residencia, nin adquirirá en ningún caso calquera tipo de dereito ou mérito para o acceso a condición de persoal da Xunta de Galicia.

Cuarta. Póliza de seguro

En todo caso, a ANPA Pía da Casca subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso do local nos que poidan estar incursos os alumnos e alumnas que gocen do servizo de comedor (mínimo 150.000 €).

Quinta. Utilización uso salón de actos da Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas.

Igualmente, o salón de actos poderase utilizar para actividades escolares ou extraescolares, tanto do colexio como da propia ANPA, coas condicións de que o soliciten con suficiente antelación á dirección da Residencia e que os/as alumnos/as veñan acompañados de persoal da ANPA ou do colexio que se responsabilice deles. Deberán respectarse as instalacións e as actividades que se fagan non afectarán ao normal funcionamento da Residencia Xuvenil.

Sexta. Uso do patio do CEIP As Mercedes

Os/as residentes da Residencia xuvenil Florentino López Cuevillas poderán usar o patio do CEIP As Mercedes para a realización dalgunha actividade puntual, solicitando o seu uso á dirección do centro educativo coa antelación suficiente.

Sétima. Comisión de seguimento

Constituírase unha comisión paritaria que levará a cabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.

Esta comisión terá a seguinte composición:

- Pola Consellería de Política Social, a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.
- Pola ANPA “Pía da Casca”, a persoa titular da súa presidencia, ou persoa en quen delegue.

Oitava. Resolución do convenio

As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo ou por incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Novena. Natureza. Lexislación aplicable

O presente convenio terá natureza patrimonial, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando o establecido na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 113.2 da mesma Lei, as cuestións litixiosas derivadas do convenio relativas ás normas sobre competencia e procedemento resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa, logo de se esgotare a vía administrativa.

De conformidade co artigo 113.3 da dita Lei 5/2011, do 30 de setembro, as cuestións sobre os dereitos de natureza civil, resolveranse ante a xurisdición civil, logo de que presentasen a reclamación previa en vía administrativa prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décima. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio iniciárase o día da sinatura deste convenio e rematará o día de finalización do curso escolar (xuño do 2017).

Un décima. Publicidade

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos “Pía da Casca” do CEIP as Mercedes consinte en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios o presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno–e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Dúo décima. *Consentimento para a publicación de datos*

As partes asinantes do convenio autorizan que os seus datos persoais e as demais especificación contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Os datos de carácter persoal dos titulares de expedientes de axudas, subvencións e convenios que consten nos rexistros, estarán protexidos segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Política Social

A presidenta da ANPA “Pía da Casca”

José Manuel Rey Varela

Susana Sousa Reboredo